REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 12.04.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

28680 (10/CPC-000049)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Enerxía e Minas, por petición propia, para informar sobre os resultados da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 21800 (10/POC-003479)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre os resultados da aplicación da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

2.2 24932 (10/POC-004132)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

2.3 27406 (10/POC-004436)
Grupo Parlamentario de En Marea
Merlo Lorenzo, Juan José e Santos Queiruga, Carmen
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da necesidade de adopción en Galicia dos vehículos eléctricos e híbridos enchufables, as súas previsións ao respecto e as medidas que vai adoptar para facilitala
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

2.4 27802 (10/POC-004484)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a incidencia da demora da Xunta de Galicia no desenvolvemento da plataforma que debería permitir a reserva dos novos pases de acceso ás Illas Cíes nas expectativas económicas do sector turístico e doutros servizos vinculados, a avaliación do seu impacto económico, así como os

PARLAMENTO
DE GALICIA

prazos previstos para a súa posta en marcha
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 28680(10/CPC-000049)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Enerxía e Minas, por petición propia, para informar sobre os resultados da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 3 ABR. 2018
Núm. 28680

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 3 ABR. 2018
SAIDA
Num. 109

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do director xeral de Enerxía e Minas para informar sobre **"os resultados da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga)".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 03/04/2018 09:07:31

Presidente do Parlamento de Galicia

CVE: yVAKb0718
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 21800(10/POC-003479)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre os resultados da aplicación da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2017 12:33
Nº Rexistro: 21800
Data envio: 26/12/2017 12:33:54.570

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e **Sandra Vázquez Domínguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de "propaganda" en cada un dos proxectos lexislativos que trae a este Parlamento, a actividade lexislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certeira na anterior lexislatura.

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción lexislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fondamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2017 12:33
Nº Rexistro: 21800
Data envio: 26/12/2017 12:33:54.570

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2017 12:32:13

Maria Antón Vilasánchez na data 26/12/2017 12:32:23

María Isabel Novo Fariña na data 26/12/2017 12:32:31

Marta Novoa Iglesias na data 26/12/2017 12:32:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/12/2017 12:32:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/12/2017 12:33:00

Sandra Vázquez Dominguez na data 26/12/2017 12:33:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 24932(10/POC-004132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24932
Data envio: 01/02/2018 18:08:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A empresa Maderas Iglesias S.A. que conta con centros de produción no Porriño e Mos. Foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Aínda que na actualidade o seu cadro de persoal vise reducido a 253 traballadoras/es, segue sendo unha das principais empresas da área de Vigo.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Preconcurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24932
Data envio: 01/02/2018 18:08:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oídos xordos aos seus consellos, derivando nunha diferencia abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, "que pagaría cando el o estimase oportuno". Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

Ao longo deste tempo as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostibel e pon en grave risco a continuidade da empresa e do emprego. Na última rolda de negociacións, que comezaron o pasado 12 de decembro, o empresario propuxo o despedimento de 140 traballadoras/es, coa ameaza de peche

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24932
Data envio: 01/02/2018 18:08:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da empresa se non se acepta esta proposta. Unha chantaxe en toda regra, que forma parte do modus operandi do dono da empresa.

O pasado 28 de decembro unha representación do comité de empresa, das alcaldías da comarca e das organizacións sindicais reuniuse no parlamento galego con representantes de todos os grupos. E posteriormente integrantes do comité mantiveron un encontro co IGAPE. Nesta xuntanzas púxose de manifesto o apoio dos grupos parlamentares e a necesidade de que a consellaría de Industria interveña diante da propiedade da empresa para procurar a viabilidade do emprego e da empresa.

Por outra parte, o pasado 8 de xaneiro o conselleiro de Industria recibiu unha represntación do comité de empresa e compromeuse a facer xestións ante todas as partes para procurar a viabilidade da empresa. Posteriormente, nuna resposta oral en Pleno, o conselleiro afirmou que a Xunta elvaba facendo o seguimento da evolución de Maderas Iglesias desde 2009.

Cómpre ter en conta que existe un mandato parlamentario, mediante acordo unánime do pleno que tivo lugar o pasado 17 de outubro de 2017, que insta ao goberno galego a "facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias SA coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego".

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24932
Data envio: 01/02/2018 18:08:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións realizou o conselleiro de Industria ante a propiedade de Maderas Iglesias, as entidades acredoras e o comité intercentros para garantir a viabilidade e a continidade da empresa?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 18:05:59

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 18:06:04

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 18:06:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24932
Data envio: 01/02/2018 18:08:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 18:06:07

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 18:06:09

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 18:06:10

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 27406(10/POC-004436)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da necesidade de adopción en Galicia dos vehículos eléctricos e híbridos enchufables, as súas previsións ao respecto e as medidas que vai adoptar para facilitala

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:56
Nº Rexistro: 27406
Data envio: 06/03/2018 17:56:03.636

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan José Merlo Lorenzo e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª.

Ante a necesidade de abrazar os novos sistemas de propulsión desenvoltos pola enxeñería automotriz, especialmente os vehículos eléctricos, expúxose a vontade por parte do Sr. Ministro Álvaro Nadal de facilitar a instalación de postes de recarga e desregular a figura do xestor de carga para que calquera poida fornecer enerxía eléctrica para os automóbiles eléctricos e híbridos enchufables.

Desde o punto de vista ambiental, o vehículo eléctrico é unha das solucións paliativas para frear o cambio climático si, e só si, a enerxía empregada para a súa propulsión é de orixe 100% renovable.

A chegada deste tipo de vehículos ás nosas estradas depende en gran medida de que existan as infraestruturas necesarias para os mesmos.

Neste marco e nun futuro inmediato, requírese un estudo pormenorizado das mellores localizacións para brindar este servizo, abrindo un novo modelo de negocio non só a instalacións de xeración de electricidade renovable illadas de rede para brindar estes servizos, senón para que pequenos e medianos investidores, sobre todo no rural, poidan ofrecer un servizo que mellore a mobilidade neses territorios respectando o valor do noso patrimonio ambiental e que supoñerá un valor engadido para o turismo e unha reversión da desvantaxe

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:56
Nº Rexistro: 27406
Data envio: 06/03/2018 17:56:03.636

competitiva que tanto os profesionais, como a cidadanía en xeral, vén sufrindo en Galicia polos abusivos prezos dos combustibles fósiles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1- Como valora a Xunta de Galicia, a necesidade da adopción dos vehículos eléctricos e híbridos enchufables?

2- Cal é a previsión da Xunta de Galicia da adopción deste tipo de vehículos en Galicia e que medidas está a tomar na actualidade para facilitar a mesma?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo
Carmen Santos Queiruga
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2018 17:33:26

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:33:38

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 27802(10/POC-004484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a incidencia da demora da Xunta de Galicia no desenvolvemento da plataforma que debería permitir a reserva dos novos pases de acceso ás Illas Cíes nas expectativas económicas do sector turístico e doutros servizos vinculados, a avaliación do seu impacto económico, así como os prazos previstos para a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 10:09
Nº Rexistro: 27802
Data envio: 13/03/2018 10:09:55.637

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Vimos de coñecer polos medios de comunicación que a quince días do comezo da Semana Santa, a Xunta de Galicia aínda non desenvolveu a plataforma que debería permitir reservar os novos pases de acceso ás illas Cíes.

Mentres, na praia de As Catedrais (Ribadeo), o outro recurso turístico que obriga a dispor dun permiso da Consellería de Medio Ambiente xa se tiñan obtido en torno as 15.000 entradas para a Semana Santa.

Outro agravio máis para a cidade de Vigo e a súa actividade económica, neste caso o turismo. É absolutamente normal o malestar do sector servizos da cidade de Vigo polas perdas que este retraso significará no seu volume de actividades.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o departamento de Turismo da Xunta de Galicia deste feito que prexudica as expectativas económicas do sector turísticos e doutros servizos vinculados?
2. Comparte a preocupación do sector servizos de Vigo polo retraso na posta en marcha deste mecanismo de control no acceso ás illas Cíes?
3. Ten establecido algún contacto coa Consellería de Medio Ambiente para axilizar esta situación?
4. Cal foi o resultado destes contactos?
5. Te avaliado co sector o impacto económico deste retraso?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 10:09
Nº Rexistro: 27802
Data envio: 13/03/2018 10:09:55.637

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

6. Que prazos manexa o Goberno galego para poñer en marcha este sistema de acceso?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/03/2018 10:07:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/03/2018 10:07:51

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es